



Un Entroido cheo de disfraces, música, obradoiros, concursos e lambonadas

Xa está aquí o Entroido 2017, cheo de concursos, obradoiros, música, disfraces e moita, moita festa. Xa está aberto o prazo de presentación nos tradicionais concursos destas datas: receitas e máscaras. No concurso "En galego sabe mellor", o prazo de entrega de receitas típicas do entroido está aberto ata o 22 de febreiro. O premio será unha cea para dúas persoas no restaurante Cortés e un libro de cociña, patrocinado por Aula 10, para o finalista. No **concurso de máscaras** o prazo está aberto ata o 21 de febreiro e haberá 3 categorías: de 7 a 9 anos (con vales de 60€ na tenda A Bellota e de 30€ na librería Refoxos), de 10 a 12 (con 70 e 35€ en Equipate) e xeral (cunha tablet e cea para dúas persoas no restaurante Mariñaos).

O Programa de Entroido comezará o venres 17 cun **Obradoiro de Creación de Máscaras**. O venres 24 teremos o **Festival do CRA** e un **concerto de Combos da Escola de Música**, ás 20:00 h. Ambas no centro cultural.

O sábado 25 terá lugar o gran **Concurso de Disfraces**, con animación, inchables, mascotas, máis de 3.000 euros en pre-

O luns 27, festa dobre. Pola mañá tres **Obradoiros Resposteiros de Cup-cakes de Entroido**. Gratuítos, previa inscri-



mios, música e moita diversión. O desfile sairá ás 17:30 horas do pavillón de deportes, amenizado polo grupo de percusión da Escola de Música, para percorrer as rúas de Sigüeiro.

ción no centro cultural. E ás 19:00 horas, **Festa de Disfraces** con Discomóbil. Colabora traendo filloas e orellas. E o mércores 1 de marzo, **Obradoiro de Rosquiñas de Entroido**.



Conciliación: Carnival Camp. Luns 27 e mércores 1 de marzo, no CEIP do Camiño Inglés. Nenos/as de 3 a 12 anos. Precio: desde 12 euros (de 9:00 a 14:00 horas). Inscripcións: centro cultural.



Obradoiro de creación de máscaras. Venres 17, de 17:00 a 19:00 horas no centro cultural. Nenos/as a partir dos 7 anos. Gratuito, previa inscrición no centro cultural.





Antonio Leira e o xerente do Xacobeo, en Fitur

O Concello promociona a Festa da Troita en Fitur, Xantar e no Fórum Gastronómico



O Concello de Oroso participou este ano na Feira Internacional de Turismo (Fitur), onde promoveu as potencialidades do municipio, especialmente o Camiño Inglés e a Festa da Troita. Unha representación asumida polo concelleiro de Comercio e deputado provincial, Antonio Leira, que deu a conferencia "Camiños de A Coruña", dentro dunha acción da Deputación para promover as rutas xacobeas que discorren pola provincia.

Leira amosou o seu agradecemento "polo apoio e colaboración tanto do Xacobeo como da Deputación para poñer en valor o Camiño Inglés e para que a nosa Festa da Troita siga medrando cada ano". Unhas virtudes que Oroso pon en valor nunha revista promocional que se repartiu entre os milleiros de visitantes de Fitur.

A promoción seguirá este sábado 4 de febreiro, ás 12:00 horas, cando a troita de Oroso protagonice un showcooking en Xantar (Ourense), un salón turístico no que o Concello de Oroso participará dentro do stand da Deputación, ademais de repartir máis de 200 troitas entre os presentes. A Festa da Troita tamén será o eixo principal da presentación no Fórum Gastronómico da Coruña, que terá lugar do 12 ao 14 de marzo.



Ampliado o prazo de inscrición nos Obradoiros Culturais 2017

O Concello **amplía o prazo de inscrición nos Obradoiros Culturais para 2017**, que inclúe: cestería, tapicería, mecanografía, iniciación ao modelado con arxila e decoración artesanal. As inscricións deberán formalizarse no centro cultural de Sigüeiro ou no teléfono 981 69 09 03. Todos os cursos terán lugar no centro cultural de Sigüeiro e os seus prezos oscilan entre os 35 e os 75 euros; salvo o curso de mecanografía, que é de balde, está dirixido a nenos e nenas de 8 a 12 anos e terá lugar na aula de informática. A día de hoxe hai prazas dispoñibles en todos os cursos e en mecanografía xa hai 2 grupos e lista de agarda.

Os bailes de maiores pasarán a ser semanais a partir do segundo trimestre de 2017



O Concello de Oroso vai ampliar a periodicidade dos bailes para os maiores, que tradicionalmente se celebran o último sábado de mes e que a partir do segundo trimestre de 2017 pasarán a celebrarse todos os sábados do mes. A concelleira de Atención aos Miores, Vanesa Boo, explica que "sabemos que o baile dos maiores é unha das actividades que ten maior éxito, polo que imos ampliála e facer un baile cada sábado a partir de finais de marzo ou principios de abril". O Concello xa ten listo o concurso, polo que agarda que os bailes poidan retomarse a finais de marzo ou principios de abril.

Federación Galega de Squash
CENTRO DE SQUASH
VENRES DIAS 10.00-24.00h

XORNADA PORTAS ABERTAS "VEN A COÑECER O SQUASH"

ás 17h

PREVIA INSCRIPCIÓN NA OFICINA DO CENTRO DEPORTIVO ADULTOS E NENOS A PARTIR DE 7 ANOS

Pista Squash Centro Deportivo de Sigüeiro

OBRADOIRO: CREACIÓN DE MÁSCARAS DE ENTROIDO

VENRES 17 DE FEBREIRO

De 17 a 19h

NO CENTRO CULTURAL DE SIGÜEIRO A PARTIR DE 7 ANOS

ASISTENTE: PRAZAS DE INSCRIPCIÓN

ASOCIACIÓN CULTURAL: "AMIGOS DO ACORDEÓN SIGÜEIRO-OROSO"

CLASES DE ACORDEÓN:

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN NO TELEFONO 981 69 09 03

PERIODE DE CONVENIO: JOSÉ RAMÓN

II CERTAME INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO INGLÉS

Organizado por Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés (CECI)



Oroso reforzará a vixianza e fai un chamamento veciñal para acabar co vandalismo no Carboeiro

O Concello de Oroso reforzará a vixianza no Paseo do Carboeiro e na súa contorna a raíz dos actos vandálicos contra o mobiliario urbano acontecidos a pasada Noiteboa e a principios de xaneiro. Así mesmo, fai un chamamento aos veciños e veciñas do municipio para que denuncien este tipo de comportamentos incívicos que destrozan o patrimonio de toda a veciñanza.

O concelleiro de Seguridade Cidadá, Antonio Leira, apunta que "é unha mágoa ver como hai quen se está a dedicar a romper e estragar espazos que son de todos, sen decatarse de que cando fan este mal non llo están facendo só ao Concello, senón especialmente a todos os conveciños e conveciñas que cada día gozan deste gran espazo de lecer". Por iso, o concelleiro pide "un pouco de colaboración e civismo, pois incluso aqueles que rompen e destrozan o mobiliario deben saber que tamén é un espazo para eles, que están rompendo cousas que son deles e das súas familias e amigos, polo que cando fan estes destrozos nos están golpeando a todos". Leira asegura que "Oroso é un concello de xente fabulosa, acollidora e colaboradora e estou convencido de que entre todos conseguiremos que condutas coma estas non se volvan producir".



Presentación no CEIP do Camiño Inglés

Unidade didáctica sobre a peregrina Margery Kempe



A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, presentou aos nenos e nenas do CPI do Camiño Inglés unha unidade didáctica sobre Margery Kempe, a única peregrina británica da que se ten constancia no século XV e á que o Concello de Oroso vai dedicar este ano 2017. Así, o Concello repartirá esta unidade didáctica entre todo o alumnado do municipio e organizará distintas actividades para promover a figura de Margery Kempe.



Participa na mostra homenaxe ás mulleres traballadoras achegando fotos antigas da túa familia

A fotografía volverá ser a protagonista da conmemoración do Día Internacional da Muller no Concello de Oroso, aínda que este ano o será por partida dobre xa que ao tradicional concurso de fotografía se sumará a organización da exposición fotográfica "**Homenaxe ás mulleres**". Unha mostra que recollerá imaxes antigas de mulleres traballadoras de Oroso e que será inaugurada coincidindo coa conmemoración do Día Internacional da Muller. Todos e todas as persoas que desexen colaborar poden achegar as súas fotografías no Centro Cultural de Sigüeiro, en horario de 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 21:00 horas, antes do 24 de febreiro. En canto ao **VII Concurso "Muller traballadora"**, as regras son as mesmas de edicións anteriores (ver na web do Concello). O prazo de entrega remata o 24 de febreiro.

HOMENAXEA ÁS MULLERES

Esta ano o Concello de Oroso, con motivo da conmemoración do **Día Internacional da Muller**, organiza unha exposición con fotos antigas das nosas mulleres que levon toda unha vida traballando.

Queres colaborar? Entrega as túas fotos

Onde? No Centro Cultural Fernando Casas e Novoa.

Cando? Antes do día 24 de febreiro de 2017.

En que horario? De 9:30 a 13:30 e de 16:30 a 21:00 h



FOI NOTICIA...



Unha Cabalgata para a historia

Unhas 2.000 persoas participaron este ano na **Cabalgata** e Festa de recepción aos Reis Magos, que se converteu nunha das máis espectaculares e celebradas destes últimos anos. Dende o Concello queremos agradecer a colaboración ofrecida por todos os voluntarios, técnicos municipais, Protección Civil, Policía Local, Club hípico Cabaleiros e Donas de Oroso.



Gañadores/as do concurso de postais



Os nenos e nenas dos CEIP de Sigüeiro e do Camiño Inglés aprenderon a importancia de coidar ben as súas mascotas nuns obradoiros do Club de Raza Can de Palleiro, que tamé protagonizou unha exposición fotográfica no centro cultural de Sigüeiro.



"Zoclos" gañou o **I Concurso de Escaparates de Nadal**, seguido por "La Bellota" e "Floristería Xulián", que levaron os premios de 300, 200 e 100 euros, respectivamente. No voto por Facebook, o gañador foi "Uve Moda", seguido por "Mi Vestidor Azul" e "Foto Silvia".



Máis de 60 veciños/as desfrutaron do concerto dos profesores da Escola de Música de Oroso. Unha actuación moi aplaudida que combinou o jazz con temas de música galega da man de Juan Salgueiro, Álvaro Trillo, Óliver Cano, Pablo Pérez e Ruth García.

Axenda: Febreiro

- 1** - Inicio cursos CISCO CCNA5
- 4** - Contacontos. 11:00 horas. Biblioteca de Sigüeiro.
- 10** - "Ven a coñecer o squash", 17:00 h. Inscricións no Centro Deportivo.
- 11** - Contacontos. 11:00 horas. Biblioteca de Sigüeiro.
- 17** - Obradoiro de creación de máscaras. 17:00 h. - Club de Lectura, 18:00 h.
- 18** - Contacontos. 11:00 horas. Biblioteca de Sigüeiro.

- 21** - Fin do prazo de entrega do concurso de máscaras
- 22** - Fin do prazo de entrega do concurso de receitas de Entroido.
- 24** - Festival do CRA. Centro cultural. - "Ven a coñecer o squash", 17:00 h. Inscricións no Centro Deportivo. - Fin de entregas do concurso de fotografía Muller Traballadora - A Rebotica dos Contos. 18:00 h. Biblioteca de Sigüeiro. - Concerto de Combos da Escola de Música. 20:00 h. Centro Cultural
- 25** - Concurso de Disfraces. Desfile ás 17:30 horas.

- 27** - Inicio do Carnival Camp. - Obradoiro resposteiro de cupcakes de Entroido. Gratuíto, previa inscrición no centro cultural. - Gran Festa de Disfraces no centro cultural con Discomóbil e produtos típicos do Entroido.

- 28** - Carnival Camp.

E en marzo...

- 1** - Carnival Camp. - Obradoiro de rosquiñas de Entroido.